



BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE RESERVA DE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SAF, ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TABOADA: AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. A DURACIÓN DA BOLSA SERÁ DE 18 MESES CONTADOS A PARTIR DA CREAÇÃO DA PRIMEIRA 20.06.2024.

PRIMEIRO. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a selección **mediante concurso** **AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE RESERVA CREADA EN DATA 20.06.2024 QUE SE EMPREGA PARA CUBRIR BAIXAS OU VACACIÓNS** para a área de servizos sociais do Concello de Taboada, en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso - oposición, e anunciando a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Taboada.

A habilitación para dar cobertura aos referidos postos é a que figura na "declaración municipal de sectores /servizos prioritarios e esenciais para o exercicio 2024 ", (acordo do Pleno Municipal do 1 de decembro de 2023).

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Taboada, área de servizos sociais, e as funcións son as seguintes:

- **Atencións domésticas:** todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc.
- **Atencións persoais:** actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar.
- **Axuda ás persoas dependentes.**

A vixencia desta ampliación da Bolsa será como máximo de 18 meses dende a aprobación da bolsa creada en data 20.06.2024.

Na duración das posibles contratacións de cada auxiliar respectárase a lexislación vixente.

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.





SEGUNDO. Modalidade e duración do contrato e salario.

A modalidade do contrato será a mesma que a da persoa a que substitúa e como segue:

A modalidade do contrato é obra ou servizo determinado

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, de luns a domingo. (xornada completa).

Retribucións: 1.323,00 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.

TERCEIRO. Definición e finalidade da bolsa.

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal.

2. A selección de persoal e creación da Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.

3. A Bolsa está formada por dúas listas ordenadas en función da puntuación obtida no proceso selectivo.

A primeira lista estará integrada polos candidatos que acrediten **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou **Titulacións equivalentes** e a segunda lista estará integrada polos candidatos que acrediten **declaración responsable de ter experiencia nas labores a desempeñar**.

A orde de chamamento dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será por sistema rotativo. O chamamento aos candidatos efectuarase por orde de prelación, de maior a menor puntuación e de forma rotatoria até esgotar a bolsa, é dicir ata que non sexan todos os compoñentes nomeados, estes non poderán repetir. Sempre será prioritario o chamamento da primeira lista.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra una das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

4. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.

5. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos





motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases. En todo caso, o Concello, de forma xustificada, poderá convocar "ex profeso" un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houbese constituída unha Bolsa de Emprego.

6. As retribucións a percibir serán as mesmas que as establecidas para as prazas obxecto da presente convocatoria.

CUARTO. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- f) Posuír a titulación ou **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou ter realizado a formación requirida para a súa obtención e ter presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. **Titulacións equivalentes** ou superiores nas ramas socio-sanitaria. Poderán presentarse todos aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten **declaración responsable de ter experiencia** nas labores propias do posto ao a que se presentan, **terán preferencia á hora de ocupar as prazas vacantes as persoas que acrediten ter a titulación, valorando a estes en primeiro lugar a continuación ao restante dos candidatos.**
- g) Estar en posesión do carné de conducir (B) e dispor de vehículo.
- h) Posuír o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

QUINTO. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de **CINCO días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**.





O anuncio publicarase tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A solicitude, Anexo I, deberá ir acompañada por:

- a) Fotocopia de DNI.
- b) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- c) Titulación a cal da acceso a convocatoria ou declaración responsable de ter experiencia nas labores propias do posto. Poderá seguirse o modelo proposto como anexo III.
- d) Certificado de celga 1, equivalente ou superior.
- e) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- f) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente. Poderá seguirse o modelo proposto como anexo II.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións. Poderá seguirse o modelo proposto como anexo II.
- h) Fotocopia do carné de conducir e declaración de dispor de vehículo.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

SEXTO Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 2 días, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello, farase constar a causa da exclusión e concederase un prazo de 3 días hábiles para subsanación. Na mesma publicación transcorrido o prazo de subsanación, aprobarase a lista de aspirantes admitidos con carácter definitivo, publicándose o anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello. No mesmo anuncio farase constar a designación nominal do Tribunal, así como a citación dos aspirantes para a realización da fase de oposición, sinalando lugar e hora.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 10 días dende a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.





SÉPTIMO. Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVO. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

FASE DE CONCURSO (8 PUNTOS)

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados por os/as aspirantes no momento de presentar a instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL: (PUNTUACIÓN MÁXIMA 5 PUNTOS)

- Por cada ano traballado en calquera administración pública (mediante contrato de traballo que deberá aportarse copia e aparecer reflectido na Vida Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0,08 puntos por mes traballado.
- Por cada ano traballado na empresa privada (mediante contrato de traballo que deberá aportarse copia e aparecer reflectido na Vida Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0,04 puntos por mes traballado.





FORMACIÓN: (PUNTUACIÓN MÁXIMA 3 PUNTOS)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver:

- Con duración de ata 25 horas..... 0'10 puntos cada un.
- Con duración de 26 a 50 horas..... 0'20 puntos cada un.
- Con duración de 51 a 100 horas..... 0'50 puntos cada un.
- Con duración superior a 100 horas...1,00 puntos cada un.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas de acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 25 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

Acreditará este punto mediante a presentación do certificado de profesionalidade ou a través da documentación que acredite a realización da actividade formativa e solicitude do correspondente certificado.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 1, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENO. Cualificación

Tal e como se recolle no apartado cuarto das presentes Bases **baremaranse en PRIMEIRO LUGAR** os méritos dos candidatos que posúan a titulación ou **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou teñan realizado a formación requirida para a súa obtención e teñan





presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. **Titulacións equivalentes** ou superiores nas ramas socio-sanitaria. **Cos candidatos deste proceso de selección elaborárase unha primeira lista que será pola se empece a facer os chamamentos para contratar.**

Baremaranse en SEGUNDO LUGAR aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten **declaración responsable de ter experiencia** nas labores propias do posto ao que se presentan. **Con estes candidatos elaborárase unha segunda lista pola que se farán os chamamentos para contratar unha vez que xa non haxa candidatos dispoñibles na primeira.**

A fase de concurso ten unha puntuación máxima de 8 puntos.

No caso de empate:

Realizarase unha entrevista persoal curricular.

DÉCIMO. Relación de integrantes da bolsa, presentación de documentos.

Concluído o proceso de baremación, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a creación da bolsa co orde en función da puntuación acadada.

UNDÉCIMO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no diario El Progreso.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Taboada.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.





O presente documento asínase electronicamente en Taboada.

ANEXO I

ANEXO I.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO CONCURSO PARA CREACIÓN DA BOLSA DE RESERVA DE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SAF, ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TABOADA: AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. A DURACIÓN DA BOLSA SERÁ DE 18 MESES. ESTA BOLSA ANULA A CREADA EN DATA 09.11.2022 E AS POSTERIORES AMPLIACIÓNS.

I. - DATOS DA PRAZA:

DENOMINACIÓN: AUXILIAR DE AXUDA DE FOGAR.

II. - DATOS PERSOAIS.

PRIMEIRO APELIDO.	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO:

Primeiro: Que son coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza de auxiliar de axuda no fogar.





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01 . Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

Segundo: Que acepto as bases e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Estar en posesión do título requirido ou aportar declaración responsable de ter experiencia nas labores propias do posto.

Estar en posesión do carné de conducir (B) e dispor de vehículo.

Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.

Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

Terceiro: Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

Cuarto: Que aporsto todos os documentos que se relacionan nas presentes bases.

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Taboada , a de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO II.

DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Don/a.....con dni.....

Declaración baixo xuramento:

Primeiro: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

Segundo: non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das funcións de **AUXILIAR DE AXUDA DE FOGAR**.

Taboada , a de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).





Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO III.

DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Don/a.....con dni.....

Declaración baixo xuramento:

Primeiro: ter experiencia laboral nas tarefas descritas na Base primeira das presentes Bases.

Taboada , a de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).

